

Marta Riobó Ibañez, Secretaria do Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello de Vigo

CERTIFICO:

Que o Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente de data dezaioito de febreiro de dous mil nove, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

"Primeiro:- Declarar ADMITIDAS as catro as empresas presentadas.

Segundo: Visto o informe emitido pola Directora do servizos técnicos do Consorcio, e, unha vez analizado o conxunto das ofertas presentadas constátase que a oferta que obtivo unha maior puntuación foi DICSA cun total de 87,30 puntos, tal e como se reflicte no referido informe.

"Adxudicar provisionalmente á empresa "DICSA" a contratación das obras do rehabilitación de Santiago 11,13,15,17 por un importe de oitocentos sesenta e catro mil catrocentos oitenta e cinco euros con noventa e oito céntimos (864.485,98€) ao que engadindo o 7% do IVE (60.514,02€) fai un total de NOVECIENTOS VINTECINCO MIL EUROS (925.000,00 euros), o que supón unha baixa 8, 56%, e un prazo de execución de nove meses medio. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de prescipcións técnicas e de Cláusulas Administrativas aprobados polo Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, por considerar que a proposición de dita empresa é a oferta mais vantaxosa para o Consorcio Casco Vello de Vigo. A adxudicación provisional considerarase elevada a definitiva no suposto de que no prazo de quince días hábiles contados dende a publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, non se presentara ningunha reclamación e polo adxudicatario se aporten os documentos esixidos no Prego de condicións previos a adxudicación definitiva. O cumprimento destes requisitos deberá ser garantido coa incorporación ao expediente da certificación emitida pola Secretaria do Consorcio neste senso, e a conformidade do Xerente.

E para que así conste e surta os seus efectos, expido a presente coa advertencia dos artigos 27.5 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, e 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións locais, de 28 de novembro de 1986, a reserva dos términos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Vigo, a dezanove de febreiro de dous mil nove.

MRI/mi

Vº e Pr.
O Presidente Consorcio do
Casco Vello de Vigo


